

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2021/22

CENTRO: IES Nº 1 O CARBALLIÑO
CURSO: 2º Eso
MATERIA: MUSICA.
DEPARTAMENTO: MÚSICA
DATA: ABRIL 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

1. Criterios sobre a avaliação e cualificación	
1º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 1º avaliação: Os criterios establecidos na Programación Anual do Departamento de Música para o curso de 2º Eso 2021/22.</p> <p>Procedemento de recuperación da 1º avaliação: Se o alumno/a non supera a materia, despois da avaliação deberá realizar un exame tanto teórico como práctico de recuperación destes contidos. No caso en que unha das dúas partes (teórica ou práctica) supere o 5 nas probas de avaliação, respetarase dita nota na recuperación e o alumno únicamente deberá recuperar a parte suspensa.</p>
2º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 2º avaliação: Os criterios establecidos na Programación Anual do Departamento de Música para o curso de 2º Eso 2021/22.</p> <p>Procedemento de recuperación da 2º avaliação: Se o alumno/a non supera a materia, despois da avaliação deberá realizar un exame tanto teórico como práctico de recuperación destes contidos. No caso en que unha das dúas partes (teórica ou práctica) supere o 5 nas probas de avaliação, respetarase dita nota na recuperación e o alumno únicamente deberá recuperar a parte suspensa.</p>
3º Avaliación	<p>Cálculo da nota da 3º avaliação: Os criterios establecidos na Programación Anual do Departamento de Música para o curso de 2º Eso 2021/22.</p> <p>Procedemento de recuperación da 3º avaliação: Se o alumno/a non supera a materia, despois da avaliação deberá realizar un exame tanto teórico como práctico de recuperación destes contidos. <u>Estas probas faranse no periodo comprendido entre a 3ª avaliação e a avaliação final, xa que formarán parte das probas de recuperación final.</u> No caso en que unha das dúas partes (teórica ou práctica) supere o 5 nas probas de avaliação, respetarase dita nota na recuperación e o alumno únicamente deberá recuperar a parte suspensa.</p>

	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A cualificación obterase realizando a media aritmética das tres notas da avaliación, polo tanto, podrá ser inferior, igual ou superior á nota da terceira avaliación. Esta deberá ser maior ou igual a 5 para aprobar o curso.</p> <p>Recuperación Final</p> <p>Aqueles alumnos que non recuperen unha ou varias avaliacións deberán facer unha serie de probas de recuperación final no mes de Xuño. Estas probas serán teóricas e prácticas, e contemplarán cuestións de cada unha das avaliacións, debendo realizar o alumno/a aquellas referidas a/as avaliacións suspensas.</p> <p>Así mesmo, deberán realizar unha serie de tarefas de reforzo e recuperación, dos contidos desenvoltos ao longo do curso.</p> <p>A ponderación destas probas e tarefas será a seguinte :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tareas de reforzo e recuperación: 20% da nota final. • Probas de carácter práctico: 30% da nota final. • Probas de carácter teórico: 50% da nota final <p>A cualificación virá determinada pola suma das diferentes porcentaxes.</p> <p>Subir nota</p> <p>Aquel alumnado que teñan superado o curso e desexen subir nota, poderán optar, de xeito voluntario, a probas de carácter tanto teórico como práctico das diferentes avaliacións do curso. Ditas probas realizarase nas datas comprendidas entre o remate da 3ª avaliación e o remate do curso, a finais do mes de Xuño.</p> <p>Este alumnado xa aprobado terá tamén unhas tarefas de ampliación e reforzo por cada unha das avaliacións.</p> <p>A ponderación destas probas será a seguinte :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tareas de reforzo e ampliación: 20% da nota da final • Probas de carácter práctico: 30% da nota final. • Probas de carácter teórico: 50% da nota final <p>A media de todas será tratada con independencia en cada avaliación segundo as tarefas ou probas que realicen conservando as notas e porcentaxes existentes naqueles apartados nos que non presenten e valorando os que sí que entreguen ou/e fagan.</p> <p>A cualificación virá determinada pola suma das diferentes porcentaxes.</p>
--	--

Alumnado de materia pendente	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</p> <p>Non temos alumnos pendentes de 1º eso.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)

Metodoloxía	<p>A metodoloxía consistirá fundamentalmente no traballo individual dos alumnos/as desenvolvendo as actividades propostas. Os alumnos/as realizarán distintos tipos de actividades, para asimilar, reforzar ou ampliar según os casos, os contidos desenvoltos durante o curso. O traballo será guiado e supervisado polo profesor en todo momento, orientando e proporcionando toda a axuda necesaria o seu alumnado.</p>
Actividades tipo	<p>Neste período desenvolveranse actividades de recuperación, repaso ou reforzo dos contidos, tomando como referencia as actividades desenvoltas ao longo do curso.</p> <p>Por outra banda e dependendo dos casos, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para unha parte parte do alumnado. Por exemplo, traballos sobre aspectos musicais diversos que amplien os contidos xa desenvoltos. Na medida do posible deseñaránse actividades que poidan estar debidamente titorizadas.</p> <p>Como actividades tipo sinalar :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Actividades do libro de texto non desenvoltas durante o curso. • Fichas de actividades novas, propostas polo profesor/a, . • Traballos individuais recollidos no cuaderno de clase ou presentados en outros formatos (aula virtual, power-point, dosieres, etc...) • Actividades de carácter musical (preparación e interpretación de novas partituras a través da aula virtual ou da súa gravación en video) • Análise das audicións propostas polo profesor/a..

Materiais e recursos

Materiais e recursos:

- Aula Virtual.
- Libro de texto.
- Fichas e cadernos de actividades.
- Partituras
- Instrumentos escolares.
- Audios e videos explicativos.

